

Noraboa!! Acabas de atopar o *trastero* da Rede Museística Provincial de Lugo. Seguro que aínda non podes ver ben, os ollos téñense que acostumar á escuridade... Se estendes a túa man esquerda un chisco podes notar as esquinas dun lenzo; seica pensas que debe ser unha caixa de madeira porque estás nun Museo e nun Museo as pezas deberían estar ben protexidas e embaladas, mais imos omitir esa parte porque a verdade é que non hai un lenzo, hai unha morea deles.

Non sei se probaches algunha vez a buscar, pero supoño que xa te darías conta do difícil que é atopar obras de mulleres artistas colgadas nas paredes dos museos (se non é así, invítoche a que o fagas agora mesmo). Falo dos museos en xeral, mais teño que admitir que tamén podemos falar do Museo Provincial de Lugo en particular. Eu non me decatara aínda e, busca que te busca, foi como atopei este *trastero*. E aquí estamos.

Eu aínda non contei, mais creo que se vas numerando, nesta esquina que te digo podes atopar máis de cincuenta pezas. Ves nalgunha a firma?

*Historias escritas a través das obras ocultas da colección.*  
*Relatos dende o Almacén.*

*"Había unha laranxa. A laranxa caeu e colleuna a nena que non quería ir ao cole... Levouna á escola, comeuna e vomitou e o vómito foise polo sumidoiro, onde o comeu unha rata. E a rata por unha curuxa, e a curuxa, un caimán, e ao caimán, un león, e ao león unha persoa que vomitou ao león, e o león ao caimán, e o caimán á curuxa e a curuxa, á rata e a rata vomitou ao vómito e caeu á terra e... e... e... e...  
500 anos máis tarde naceu unha planta que se converteu nunha flor, a flor nunha árbore... e a árbore nunha laranxa xigante con dous ollos e dúas pinzas de cangrexo."*



Maruja Mallo, 1979

A maioría dos museos só amosan un 10% das obras da súa colección. Se nos adentramos nas tripas do Museo Provincial de Lugo atoparemos as obras de 40 artistas mulleres.

Lugo, outubro 2018. Obradoiro Mapas (IN)Visibles.

*\* Que espazo crees que ocupan as mulleres como artistas na Rede Museística Provincial de Lugo?*

Aí, xusto ao lado, se aínda non o moveron de sitio, podes atopar un libro enriba da mesa. Un libro antigo, cun escudo grabado, dous peches e unha inscrición que dita "soy de la Señora de Tor".

A Señora de Tor ou a Señora Maripaz era a dona do libro. O sitio do libro está na Sala de Xogos, xunto á mesa do billar. O sitio da Sala de Xogos está ao lado de habitación da Señora de Tor. E o sitio de Señora de Tor está... pois onde ela queira, claramente.

O Pazo de Tor foi da súa familia por xeracións dende o século XVIII mais ela, afincada en Madrid, pouco tiña que ver con ese outro ritmo de vida e de tempos, situado en Monforte.

Doña María de La Paz Taboada de Andrés y Zúñiga fixo as maletas no ano 1969 para instalarse entre eses muros que coleccionan séculos de historia. Se pasas as páxinas podes atopar pequenos relatos de quen achou cos pés nese lugar, como restos das idas e vidas que xeraban a vida no pazo.

A Señora Maripaz gardou o libro, como tantas outras cousas que agora podes visitar; ata ceder a súa casa como Museo no ano 1998, non sen antes poñer as súas normas.

Agora, como ela quería, é posible visitar a súa casa. Tal cal. Como era. Con todo o seu contexto. A casa da Señora de Tor.



M<sup>a</sup> Teresa Fdez Lizw

Agora para un segundo.

Colle un lápis, imos facer unha proba.

*Debuxa o primeiro que te veña á mente. Non fagas esforzos, o primeiro que se te ocurra coa seguinte lista de palabras.*

- *Artista.*
- *Intelixente.*
- *Pinta moitos cadros.*
- *Expón en moitos museos.*

*\* A maioría da xente ante esta pregunta, tende a pensar sempre en recoñecidos artistas homes como poden ser Picasso, Dalí ou Miró.*

Pechaches xa o libro da Señora de Tor? Agora xa debes ver ben aínda que non hai moita luz, podes distinguir un pouco máis adiante un pote?

Sí, aí, aí mesmo. Un pote negro, coma todos os potes. Un pote negro que está na cociña do Museo Fortaleza de San Paio de Narla.

Durante a Idade Media o papel da muller en Galicia estaba vencellado a un mundo rural e de valores conservadores. As clases sociais estaban fortemente marcadas, na Fortaleza de San Paio de Narla os obxectos falannos de formas de vivir e de habitar. Cando observamos estas pezas viaxamos no tempo e podemos observar como vivían estas mulleres, podemos trazar os camiños que elas trazaban no seu día a día. Sen preguntar case podemos adiviñar onde se atopan as súas pegadas, nos obxectos empregaban só elas, nas estancias frecuentadas por elas, e podemos facernos unha idea do que pensaban e no que sentían.

Tes que entrar na fortaleza e subir as escaleiras cara a primeira planta, viras á esquerda e, mais ou menos aos seis pasos, tes unha porta de acceso á cociña. E aló, no fondo de todo, como entre a cociña e o pasillo\*, está situado o noso pote.



San Paio, outubro 2018 - Visibilizando camiños. Obradoiro Mapas (IN)Visibles.

Mapas (In)visibles é unha proposta que camiña entre o ámbito artístico, o curatorial e o educativo, na que rapacxs, retoman o oficio de palabreirxs e póñense na pel de comisarixs para trazar diversos itinerarios que engloban a realidade da Rede Museística Provincial de Lugo a través do seu patrimonio. Xs participantes xeraron os seus propios percorridos, construíndo as súas propias historias e xerando novas narrativas a través das obras.

O itinerario que se atopa nas súas mans foi realizado partindo do material, as conclusións e os resultados dos obradoiros da última etapa do programa Mapas (In)visibles. Este mapa traza un percorrido en clave de xénero a través da Rede Museística Provincial de Lugo, visibilizando os espazos que ocupa a muller dentro da institución, mostrando obras que permanecen ocultas, reivindicando o papel da muller na historia ou reconfigurando a nosa memoria en clave de xénero.



**ITINERARIO**  
**EN CLAVE DE XÉNERO**

**MAPAS (IN) VISIBLES**  
**CULTURAS EN DIÁLOGO**

Se continúas polo corredor cara á esquerda, entras na segunda porta e aló, de novo á esquerda, podes atopar uns prismáticos. Uns concretos, na esquina da vitrina, velos?



Viras a mirada con eles paseniño cara abaixo, non podes ver un camiño que pasa por embaixo dos teus pés? Igual é case xa invisible, porque o tempo borra case todo, pero poderías intentar percorrelo.

Leva cara a cociña de novo e, unha vez aló, move e remove entre os seus lares.

Mira, aquí bifúrcase e marcha cara o dormitorio, ao lado da cuna; ou se o segues por aquí parece que entra no salón das armas. Vaia, agora volta cara atrás, cara a sala do tear.

*A historia relegou ás mulleres ao ámbito doméstico e a vida privada, os relatos históricos invisibilizan os relatos cotidianos, as narrativas das mulleres que supuñan un claro pilar da vida social. Reivindicar o seu papel na historia é reivindicar a memoria do día a día, da labor, do sustento, do coidado.*

*\* Qué espazo ocupa a muller na nosa memoria histórica?*

*\* Coñeces mulleres científicas, escritoras, empresarias...?*

*\* Coñeces moitos monumentos adicados a mulleres??*

Ah, iso? Iso que ves aí é unha foto. Claro, eso xa o sabes, aínda que sexa tan grande. Ten coidado, non tropeces con ela.

É a escola. O Museo Provincial do Mar, sabes? Era a antiga escola de San Cibrao.

A que podes ver na foto é a escola das nenas, concretamente. Segundo entras no museo a man dereita, alí estaba a súa aula.



*"La Escuela de Doloriñas"*  
Julia Minguillón recibe por este cadro a Medalla de Oro da Exposición Nacional de Bellas Artes.

Antes de xirar podes ver unha das mesas. Aí está, no medio, dividindo esas dúas estancias que tanto nos falan do Mar.

Da a sensación de ter que facer unha escolla. Sentar aló e decidir que queres ser cando vaias maior. Algo así como tomar a decisión de que sala queres visitar primeiro.

Da mesma forma, a escolla do que incluímos na nosa historia vai implicar cal será o relato resultante.

O Museo Provincial do Mar era antigamente unha escola. As fotografías expostas na entrada e a disposición das súas salas deixan entrever a memoria do espazo. Esta memoria fala dunha educación segregada por sexos, aquí os nenos e aquí as nenas. Un ensino diferenciado que se reflexa non só no que aprendían senón tamén no que non aprendían. Como un espello, o museo deixanos observar o que eramos e o que somos a través do seu espazo e do seu discurso, pero sobre todo, permítenos construír o que seremos.

Temos que escoller que vai formar parte do noso *trastero* ao igual que agora estás a pasear polo da Rede Museística Provincial de Lugo. Escoller que imos gardar aló e que queremos amosar.

E lembrarnos, de vez en cando, de baixar a remover un pouco as cousas, por se algo que agora nos resulta importante quedara alí abaixo, esquecido no seu momento.

